



XUNTA  
DE GALICIA



# FEDERACION GALEGA DE DEPORTES DE INVVERNO

## REGULAMENTO ELECTORAL

*ELECCION DE MEMBROS DA ASEMBLEA XERAL, COMISION DELEGADA E PRESIDENTE DA FEDERACION GALEGA DE DEPORTES DE INVVERNO*

### **PREAMBULO.**

En aplicación do disposto na Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, e na Orde do 8 de setembro de 2010, da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, polo que se establecen os criterios para a elaboración de regulamentos e a realización dos procesos electorais nas Federacións Deportivas Galegas, confeccionase a seguinte normativa que regula o proceso de elección dos órganos de goberno: Asamblea xeral, Presidente e Comisión Delegada, da Federación Galega de Deportes de Inverno, con representatividade durante o período 2014 a 2018

### **CAPITULO 1. Convocatoria**

**Art. 1.** A convocatoria de eleccións será feita polo Presidente da Federación Galega de Deportes de Inverno o día 22 de setembro, conforme a este regulamento electoral aprobado na Asemblea Xeral Extraordinaria de 1 de setembro de 2014 e ratificado pola Secretaría Xeral para o Deporte. Simultaneamente á convocatoria de eleccións, a Xunta Directiva disolverase e constituirase en Comisión Xestora. Ésta non poderá adoptar máis actos que os de mera administración e trámite.

**Art. 2.** A convocatoria de eleccións será notificada, cun prazo de antelación mínimo de cinco días hábiles dende a data da convocatoria, esta deberá ser notificada, a través de un medio que permita asegurar a súa recepción, cando menos, as entidades deportivas integrantes da federación e a Secretaría Xeral para o Deporte.

A convocatoria de eleccións, que se publicará no taboleiro de anuncios da sede da federación, nas delegacións territoriais, se as houbera, e na paxina web da federación, deberá conter cantos datos se precisen para o correcto desenvolvemento do proceso electoral, e concretamente:


- a. Regulamento electoral.
- b. Calendario electoral con indicación do lugar, data e hora de realización dos actos propios do proceso electoral.
- c. Lugar de consulta dos censos electorais
- d. Modelos oficiais de sobres e papeletas
- e. Composición e sede da xunta electoral da federación.


**FEDERACIÓN GALEGA DE DEPORTES DE INVVERNO**

Noriega Varela 12, baixo / 32004 OURENSE

Tel: 988228591 / Móvil: 667328028

[www.fgdi.es](http://www.fgdi.es) / [secretaria@fgdi.es](mailto:secretaria@fgdi.es)





XUNTA  
DE GALICIA



DEPORTE  
GALEGO

## CAPITULO 2. A Xunta Electoral

- Art. 3.** Constituirase de forma simultánea á convocatoria de eleccións. Estará formada por tres membros titulares e tres suplentes. Actuarán como presidente e secretario os/as de maior e menor idade. As súas decisións serán tomadas por maioría de votos. No caso de empate o/a presidente/a terá voto de calidade.
- Art. 4.** Para ser candidato á Xunta Electoral deberá de cumprir os seguintes requisitos:
- Ser maior de 18 anos.
  - Estar en posesión do bacharelato superior ou equivalente.
  - Non presentarse como candidato a membro da Asemblea Xeral.
  - Non ter relación contractual ou profesional coa F.G.D.I.
  - Non estar cumprindo sanción disciplinaria firme ou sanción administrativa firme en materia deportiva.
- Art. 5.** Na mesma Asemblea Xeral procederase á elección da Xunta Electoral por sorteo entre aquelas persoas que manifesten a intención de presentarse como candidatos. A elección realizarase por sorteo. No caso de non presentación de candidatos a membros da xunta electoral, o presidente da federación proporalle á asemblea os membros necesarios para completar a mesma, os cales deberán, así mesmo, reunir os requisitos definidos no apartado anterior.
- Art. 6.** A sede da Xunta Electoral será a propia da Federación Galega de Deportes de Inverno, na rúa Noriega Varela 12, baixo, na cidade de Ourense, en horario de luns a venres de 19:00 a 21:00 horas.
- Art. 7.** A asistencia á Xunta Electoral é obrigatoria, no caso de ausencia por enfermidade ou forza maior dalgún dos membros titulares será substituídos polos/as suplentes.
- Art. 8.** Serán funcións da Xunta Electoral:
- Velar polo axustamento a dereito do proceso electoral dos órganos de goberno e representación federativos.
  - Organizar os procesos das eleccións para a asemblea xeral e presidente da federación, segundo o disposto no regulamento electoral.
  - Designar a mesa electoral de conformidade co previsto no regulamento electoral.
  - Expoñer as candidaturas na sede da Federación e nas Delegacións provinciais. Aprobar as candidaturas que reúnan os requisitos esixidos, así como o resto da documentación electoral.





XUNTA  
DE GALICIA



DEPORTE  
GALEGO

- e. Garantir a exposición de censos, candidaturas e outros documentos segundo se estableza no regulamento electoral.
- f. Atender e resolver calquera reclamación que se produza sobre os censos, admisión e proclamación de candidatos. Coñecer e pronunciarse sobre os recursos que se presenten.
- g. Custodiar a documentación correspondente a todo o proceso electoral, excepto o que non lle corresponda do procedemento do voto por correo, ata a súa finalización.
- h. Atender e resolver calquera reclamación que se produza polas actuacións das Mesas Electorais e designación dos/as seus/súas compoñentes.
- i. Proclamación dos/as candidatos/as electos e atender e resolver impugnacións se as houbera.
- j. Calquera outra que afecte directamente á celebración das eleccións.

**Art. 9.** Das reunións da Xunta Electoral o/a secretario/a levantará acta.


**Art. 10.** Os/as membros recibirán como indemnizacións as correspondentes ás quilometraxes para poder desprazarse ás reunións: 0,19 €/km. Mais dieta de 20 € no caso de xornada completa.


**Art. 11.** Recursos:

- a. Os acordos da Xunta Electoral serán impugnables ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva.
- b. Están lexitimados para interpoles quen fose parte na impugnación ante a Xunta Electoral federativa ou as persoas interesadas directamente polo seu acordo ou resolución.
- c. Os prazos están marcados no calendario electoral. O prazo para interpoñer recurso ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva é de tres días hábiles contados dende o seguinte ao da notificación da resolución ou acordo obxecto de recurso ou, se for o caso, dende o momento en que se produza a desestimación tácita da reclamación electoral presentada.
- d. O escrito debe expresar:
  - i. Nome, DNI, domicilio da persoa física ou da entidade, incluíndo neste último caso o nome, DNI e enderezo do seu representante legal.
  - ii. Lexitimidade para interpor o recurso.
  - iii. O acto que se recorre e o motivo do recurso.
  - iv. As consideracións de feito e de dereito na que se basean, así como as propostas de proba que se ofrezan.
  - v. As pretensións que se deduzan de tales consideracións.
  - vi. Lugar, data e sinatura.

**Art. 12.** Disolverase unha vez rematadas as eleccións.

**FEDERACIÓN GALEGA DE DEPORTES DE INVIERNO**  
Noriega Varela 12, baixo / 32004 OURENSE  
Tel: 988228591 / Móvil: 667328028  
[www.fgdi.es](http://www.fgdi.es) / [secretaria@fgdi.es](mailto:secretaria@fgdi.es)





### CAPITULO 3. Circunscricións Electorais.

**Art. 13.** Na elección a membros da Asemblea da Federación Galega de Deportes de Inverno a circunscrición electoral será única para todo o territorio da Comunidade Autónoma Galega.

### CAPITULO 4. Asemblea Xeral.

**Art. 14.** A Asemblea Xeral estará composta polos/as seguintes membros e mantendo a proporcionalidade de:

Entidades deportivas	6	54 %
Deportistas	3	27 %
Adestradores	1	9 %
Xuíces, Árbitros e Delegados Técnicos	1	9 %

O presidente da federación desempeñará a presidencia da asemblea xeral.

Os seus membros serán elixidos cada catro anos mediante sufraxio libre, igual, directo e secreto, por e entre os compoñentes de cada estamento de conformidade co número e proporcións de representación que se establecen no presente regulamento.

No estamento de entidades deportivas haberá membros natos e membros electos.


Non obstante, no caso de que nalgún estamento da asemblea houberse máis dun 20% de vacantes, unha vez terminado o proceso electoral e no prazo máximo de tres meses, o presidente procederá á convocatoria parcial de eleccións para cubrir as vacantes, sen que esta nova convocatoria afecte os xa elixidos.

**Art. 15.** Membros natos.

Serán membros natos, unicamente para o estamento de entidades deportivas, polo tanto sen necesidade de someterse a votación aqueles dúas entidades deportivas cun maior número de licenzas, así como outros dúas entidades deportivas que teñan participado no maior número de competicións.

Nos casos de empate nalgunha das categorías anteriores, será membro nato aquel club que conte con mais méritos na outra categoría. No caso de proseguir o empate, este resolverase favorablemente para o club con mais antigüidade na súa afiliación á federación galega.





Estes datos referiranse á tempada inmediatamente anterior a da convocatoria de eleccións.

No caso de que un club teña méritos para obter representación na asemblea por ambas categorías, a representación resultante será cuberta polas entidades deportivas candidatas á asemblea segundo o procedemento ordinario de elección no estamento de entidades deportivas.

As entidades deportivas deberán estar incluídos no Censo electoral definitivo. Aquelas entidades deportivas que desexen renunciar á súa condición de membro nato deberán facelo, ante a Xunta electoral, no prazo de 2 días hábiles dende a data de publicación do censo definitivo. A Xunta electoral publicará tal incidencia no taboleiro de anuncios da federación, así como na súa páxina web.

En aplicación desta normativa, serán membros natos as seguintes entidades deportivas:

Por número de licenzas 2013/2014	Por número actuacións 2013/2014
ACADE Asoc. De Cans Deportistas	ACADE Asoc. De Cans Deportistas
Club Cabeza de Manzaneda	Club Alejandro Gómez

A representación das entidades deportivas corresponde ao seu presidente ou persoa que conforme estatutos lle corresponda. Esta representación acreditarase fehacientemente mediante certificación da inscrición no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia, en que figuren expresamente os representantes legais da entidade.

Non cabe representación das persoas físicas.

Ningún membro da asemblea poderá desempeñar unha dobre representación nesta.

## CAPITULO 5. Censos Electorais

**Art. 16.** Poderán ser electores e elixibles en las eleccións a membros da Asemblea Xeral:

### ENTIDADES DEPORTIVAS

- Aqueles que figuren inscritos no ano da convocatoria de eleccións, no rexistro da F.G.D.I. e no rexistro de Entidades Deportivas de Galicia.
- Que teñan participado con carácter de mínimo en catro competicións entre o ano da convocatoria das eleccións e os dous anos inmediatamente anteriores a aquel, e necesariamente unha delas no ano de convocatoria das eleccións.





XUNTA  
DE GALICIA



DEPORTE  
GALEGO

- c) Non serán elixibles aquelas entidades deportivas que formen parte da asemblea na súa condición de membros natos.

Si por causa de forza maior a federación non puidese desenvolver competicións no período indicado anteriormente, deberase atender ó último calendario oficial desenvolvido.

### DEPORTISTAS

- Ser maior de idade na data da convocatoria das eleccións.
- Ter licenza federativa en vigor e tela tido na tempada deportiva anterior a data da convocatoria das eleccións.
- Ter participado nun mínimo de unha competición de carácter oficial na tempada deportiva anterior á data da convocatoria das eleccións.
- Non estar inmerso en sanción federativa que o impida, ditada ben pola F.G.D.I. a R.F.E.D.I. ou o Comité Galego de Xustiza Deportiva.


Si por causa de forza maior a federación non puidese desenvolver competicións no período indicado anteriormente, se tomaran en conta as desenvolvidas no último calendario oficial desenvolvido.


### ADESTRADORES/TÉCNICOS

- Ser maior de idade na data da convocatoria das eleccións.
- Ter licenza federativa en vigor e tela tido na tempada deportiva anterior a data da convocatoria das eleccións.
- Ter participado nun mínimo de unha competición de carácter oficial na tempada deportiva anterior á data da convocatoria das eleccións.
- Non estar inmerso en sanción federativa que o impida, ditada ben pola F.G.D.I. a R.F.E.D.I. ou o Comité Galego de Xustiza Deportiva.

### XUICES, ARBITROS E DELEGADOS TÉCNICOS

- Ser maior de idade na data da convocatoria das eleccións.
- Ter licenza federativa en vigor e tela tido na tempada deportiva anterior a data da convocatoria das eleccións.
- Ter participado nun mínimo de unha competición de carácter oficial na tempada deportiva anterior á data da convocatoria das eleccións.
- Non estar inmerso en sanción federativa que o impida, ditada ben pola F.G.D.I. a R.F.E.D.I. ou o Comité Galego de Xustiza Deportiva.





XUNTA  
DE GALICIA



A os efectos do previsto neste artigo e referido a todos os estamentos, entenderase por competicións oficiais as que figuren no calendario deportivo aprobado pola Asemblea Xeral de la F.D.G.I.

Os representantes de cada estamento serán elixidos por e entre os membros de cada un deles.

**Art. 17.** Aqueles membros da Federación que pertencen a dous ou mais estamentos deberán optar por un deles ante a Xunta Electoral, mediante escrito que deberá de cursarse no período de reclamación ó censo.

De non exercer esa opción no prazo anteriormente sinalado os electores que posúan máis dunha licenza quedarán incluídos nos seguintes estamentos:

- I. No de Xuíces, Árbitros e Delegados Técnicos, si posúen tamén licenza de Deportista.
- II. No de Adestradores calquera que sexa a súa titulación.

A Xunta Electoral da Federación Galega de Deportes de Inverno introducirá as correccións no Censo Electoral que se teñan que efectuar como consecuencia do exposto no apartado anterior, procedendo á súa publicación e notificación.

No caso de que un membro da Asemblea Xeral perda a condición para a que foi elidido será substituído polo seguinte en número de votos nas eleccións do estamento o que representa o membro saínte.

**Art. 18.** O censo electoral correspondente a cada un dos estamentos, incluído o de entidades deportivas aínda que non teñan votacións, será exposto na sede da F.G.D.I. e na Web da FGDI ([www.fgdi.es](http://www.fgdi.es)) na súa totalidade durante un prazo de dez días hábiles nos que se poderán presentar reclamacións ó mesmo.


**Art. 19.** A estes censos poderanse presentar na Xunta Electoral, todas aquelas reclamacións que se estimen no prazo de 10 días. A Xunta Electoral comunicará as súas resolucións directamente ós interesados.

Unha vez concluído o período de reclamacións e resolucións, elevarase a definitivos e publicaranse na sede da F.G.D.I. e na Web da FGDI ([www.fgdi.es](http://www.fgdi.es)) nos prazos establecidos no calendario electoral.

## **CAPITULO 6. Presentación e Proclamación de Candidatos.**

**Art. 20.** Serán elixibles a membros da Asemblea Xeral:

- a) Aqueles que cumpran as condicións establecidas para ser **electores**.





XUNTA  
DE GALICIA



DEPORTE  
GALEGO

- b) Non estar inmerso en sanción federativa que o impida, ditada ben pola F.G.D.I. a R.F.E.D.I. ou o Comité Galego de Xustiza Deportiva.
- c) Reunir os requisitos propios de cada estamento.
- d) No caso de poder participar por varios estamentos elixirase un deles.

**Art. 21.** A solicitude para participar como candidato/a deberá presentarse nun escrito dirixido á Xunta Electoral, nun prazo de tres días hábiles a contar dende a publicación do censo definitivo.

No escrito deberá constar:

- a) Nome, apelidos, DNI e domicilio.
- b) Sector ou estamento polo que participa.

**Art. 22.** A Xunta Electoral, no prazo fixado no calendario procederá á proclamación provisional de candidatos/as, facéndoa pública na paxina web da Federación. Contra esta proclamación poderase impor as reclamacións que se estimen, no prazo de dous días hábiles.


**Art. 23.** Rematado o prazo de reclamacións e resoltas as mesmas no prazo de dos días hábiles, a Xunta Electoral procederá á proclamación definitiva de candidatos/as, nos mesmos sitios onde se publicaron os distintos censos electorais.

## **CAPITULO 7. As Mesas Electorais.**


**Art. 24.** Constituirase unha única mesa electoral para toda Galicia na sede da F.G.D.I. en Ourense.

**Art. 25.** Constituirase unha única mesa electoral para a elección dos membros da asemblea, que estará ubicada na sede da F.G.D.I. A partir das 16:00 horas do día que corresponda dacordo có Calendario Electoral.

A mesa electoral estará composta por tres membros titulares (un presidente, un secretario e un vogal) e tres suplentes destes, elixidos por sorteo pola xunta electoral entre os integrantes do censo definitivo, conforme o disposto no regulamento electoral. Serán presidente e secretario os membros de maior e menor idade respectivamente. A asistencia á mesa electoral é obrigatoria salvo causa xustificada que deberá ser autorizada pola xunta electoral. A non asistencia a estas poderá dar lugar á apertura de expediente disciplinario de conformidade co establecido na Lei 3/2012 do 2 de abril, do deporte de Galicia.







XUNTA  
DE GALICIA



DEPORTE  
GALEGO

A mesa electoral estará composta por un membro de cada un dos sectores dos que se celebran eleccións, e dicir, deportistas, adestradores e xuíces designados en sorteo público pola Xunta Electoral, entre os que figuren no censo electoral; excluídos/as os/as candidatos/as e os/as membros da Xunta Electoral, titulares e suplentes; presididos polo/a de maior idade. Cada membro da mesa terá nomeado/a un/unha suplente. Será comunicado o seu nomeamento, sendo obrigatorio á cargo. As causas que xustifiquen a súa ausencia serán consideradas pola Xunta Electoral.

Cando proceda a elección de presidente constituirase a mesa electoral con dous membros que serán respectivamente o de maior e menor idade da asemblea. O primeiro actuará como presidente e o segundo como secretario. Así mesmo, e ata que conclúa a elección de presidente, exercerán funcións de presidente e secretario da asemblea.

**Art. 26.** Serán funcións da mesa electoral:

- a) Comprobar a identidade dos/das votantes.
- b) Recoller a papeleta de voto e depositala na urna pechada e preparada para os efectos.
- c) Proceder á contaxe dos votos.
- d) Levantar acta dos votos emitidos, resultados, etc. Así como das incidencias e reclamacións se as houbera, facendo constar o número de votos obtidos por cada candidato/a.

**Art. 27.** Os/as candidatos/as poderán propoñer á Xunta Electoral o nomeamento de interventores/as entre os que teñan condicións de electores, agás os/as compoñentes das mesas electorais. Estas/as interventores/as serán identificados ante a Xunta Electoral con antelación non inferior a 48 horas da celebración das votacións. A Xunta Electoral expedirá a correspondente acreditación.

**Art. 28.** O día das eleccións a mesa constituirase ás 16:00 horas, coa presenza dos membros titulares e suplentes. No caso de que non houbese un número suficiente, este feito será comunicado á Xunta Electoral, que procederá a un novo nomeamento dos/as membros necesarios para un correcto funcionamento da mesma.

**Art. 29.** A mesa electoral estará aberta durante o horario fixado na convocatoria, que será dende as 16:00 horas ata as 21:00 horas. Na hora de constitución o/a presidente/a estenderán a Acta de Constitución, asinando por el/a mesmo/a, o/a vocal e os/as interventores/as. A acta incluirá o nome de tódolos/as indicando a que candidatura representan.





XUNTA  
DE GALICIA



DEPORTE  
GALEGO

**Art. 30.** Cada integrante da mesa electoral percibirá quilometraxe a 0,19 €/km. E media dieta de 20 €.

**Art. 31.** En cada mesa existirá unha urna para cada estamento a elixir.

### **CAPITULO 8. Papeletas.**

**Art. 32.** As papeletas serán impresas, figurando en papeletas distintas os/as candidatos/as de cada estamento.

Serán as establecidas no Anexo I

### **CAPITULO 9. Votación.**

**Art. 33.** O voto efectuarase en papeleta oficial, debendo marcar en cada papeleta o/os nomes da súa preferencia. Cada elector/a poderá marcar en cada papeleta un número de candidatos/as igual ós postos a elixir no seu estamento, podendo, nembargante, marcar un número inferior.


A votación desenvolverase sen interrupcións durante o horario que se fixe na súa convocatoria.


**Art. 34.** O dereito a voto e persoal e intransferible, e acredítase pola inscrición no censo electoral. O/a elector/a identificarase polo DNI ou pasaporte, ou tarxeta de residencia, ou permiso de conducir con fotografía do titular, e documento acreditativo de ter licenza federativa en vigor. No caso das persoas xurídicas a representación corresponde ao seu presidente ou persoa que conforme aos estatutos lle corresponda, que se deberá acreditar fidedignamente mediante certificación da inscrición do Rexistro de Asociacións Deportivas e Deportistas de Galicia en que figuren expresamente os representantes legais da entidade. Os/as membros da mesa electoral votarán en último lugar.

**Art. 35.** No local da mesa electoral existirán un número suficiente de papeletas. O Presidente da Mesa será a autoridade máxima no Colexio Electoral e deberá coidar polo correcto funcionamento do mesmo.

**Art. 36.** Admítese o voto por correo, pero en situacións moi particulares que se citan:

- Soamente se admite nas votacións daqueles estamentos integrados por persoas físicas.
- Este dereito deberá solicitarse previamente á Xunta Electoral no tempo que vai dende a convocatoria das eleccións ata 2 días hábiles despois da





XUNTA  
DE GALICIA



publicación do censo definitivo. Esta solicitude deberá facerse persoalmente, mediante correo certificado, burofax, ou por calquera outro medio validamente admitido en dereito que deixe constancia da solicitude. Unha vez recibida pola Xunta Electoral, comprobará a inscrición no censo e a validez dos documentos presentados, resolvendo en consecuencia. No caso afirmativo realizará unha anotación no censo para que non se poida realizar o voto presencial o día das eleccións e autorizará, mediante certificado, o voto por correo.

O certificado a que se refire o parágrafo anterior deberá reflectir o nome do elector, o estamento polo cal se solicita o exercicio do voto, así como un espazo en branco que deberá ser asinado polo elector previamente ao envío do voto á Secretaría Xeral para o Deporte.

- c. Publicada a lista definitiva da candidatos/as, enviaráselle ó solicitante a certificación correspondente por correo certificado urxente e con acuse de recibo (dentro dos 2 días hábiles seguintes á proclamación definitiva dos candidatos), o sobre da votación e unha papeleta que corresponda co seu estamento e que deberá levar a relación definitiva das candidaturas ordenadas alfabeticamente. A Xunta Electoral fará chegar, con 48 horas de antelación á celebración das eleccións, á Secretaría Xeral para o Deporte, a lista indicativa das persoas habilitadas para votar por correo, indicando o nome e o estamento que representan, e publicarase ademais na páxina web da F.G.D.I.

O elector introducirá a papeleta de voto no sobre da votación e pecharao. Incluirá este sobre de votación, xunto ao certificado emitido pola xunta electoral no que se autoriza o voto por correo, asinado polo emisor do voto e a copia do DNI, nun sobre de maior tamaño que os anteriores que remitirá á Secretaría xeral para o deporte para a súa custodia, por correo certificado urxente, consignándose no anverso e reverso do mesmo os seguintes datos:


**Anverso:**

*Secretaría xeral para o deporte  
Estadio Multiusos de San Lázaro, porta 4  
15781 Santiago de Compostela (A Coruña)  
Eleccións á Asemblea Xeral da Federación Galega de Deportes de Inverno.*

**Reverso:**

*Nome e apelidos do remitente  
Estamento de (consignarase o correspondente)  
Modalidade ou especialidade de (a correspondente no seu caso)*

A presentación dos votos nas Oficinas de Correos deberá realizarse con seis días hábiles de antelación á data de celebración das eleccións, mediante envío por correo certificado urxente e non serán admitidos os sobres depositados con data posterior. A Secretaría xeral para o deporte custodiará os votos emitidos, que serán postos a disposición da mesa electoral o día da votación, xunto cunha relación nominal dos mesmos, a fin de que, con posterioridade ao peche da votación, **presencial os**





XUNTA  
DE GALICIA



DEPORTE  
GALEGO

membros da Mesa electoral poidan abrílos e, tras comprobar a súa regularidade, depositar cada voto na urna correspondente para incorporalo ao escrutinio.

Prevalecerá o voto persoal sobre o voto emitido por correo no caso de concorrencia de ambos.

## **CAPITULO 10. Votacións.**

**Art. 37.** Chegada a hora para o peche da mesa electoral , ou votando todo o censo, o Presidente/a declarará finalizada a votación, permitindo o voto daquelas persoas que se atopen no local, e comezará o escrutinio.

Do acto levantarase acta por triplicado, detallando os votos válidos, votos en blanco e votos nulos, deixando constancia dos votos obtidos por cada candidato/a. Serán independentes por estamento.

**Art. 38.** Será nula calquera papeleta con emendas, tachaduras, engadidos ou supresións, ou que o número de candidatos/as sinalados sexa superior ós elixibles.

**Art. 39.** A Acta será asinada polo Presidente/a, Secretario/a, Vocal e Interventores/as, e un exemplar será exposto no local onde se desenvolveu a votación, e na páxina web da F.G.D.I.

**Art. 40.** Rematado o escrutinio, o Presidente remitirá á Xunta Electoral, antes das 14 horas do día seguinte, a acta duplicada do escrutinio coas papeletas das que poidan existir alegacións.

## **CAPITULO 11. Proclamación dos Candidatos Electos.**

**Art. 41.** A Xunta Electoral, recibidas as actas, resolverá as alegacións realizadas polos/as interventores/as e publicará a relación dos/as candidatos/as electos/as, así como os votos obtidos polo resto dos/as candidatos/as, abríndose un período, sinalado no calendario, para impugnacións.

**Art. 42.** Os empates entre candidatos resolveranse sendo elidido o de maior idade

**FEDERACIÓN GALEGA DE DEPORTES DE INVVERNO**  
Noriega Varela 12, baixo / 32004 OURENSE  
Tel: 988228591 / Móvil: 667328028  
[www.fgdi.es](http://www.fgdi.es) / [secretaria@fgdi.es](mailto:secretaria@fgdi.es)





XUNTA  
DE GALICIA



DEPORTE  
GALEGO

- Art. 43.** Rematado o período de impugnacións e resoltas estas, a Xunta Electoral proclamará definitivamente os/as candidatos/as que resultaron elididos/as para membros da Asemblea Xeral da Federación Galega de Deportes de Inverno. O/a Presidente/a da Xunta Electoral levantará a correspondente acta.
- Art. 44.** Contra as resolucións da Xunta Electoral, caberá recurso ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva.

## **CAPITULO 12. Proceso de elección do Presidente/a e da Comisión Delegada**

- Art. 45.** Poderán ser Candidatos/as á Presidencia da Federación Galega de Deportes de Inverno aquelas persoas que cumplan as seguintes condicións:
- Ter condición política de galego, ser maior de idade con plenos dereitos civís, non incorrer en ningunha sanción deportiva que o inhabilite e non estar inhabilitado por sentenza xudicial firme para o desempeño de cargo publico.

Se algún membro da comisión xestora presentase a súa candidatura á presidencia, deberá cesar naquela.

- Art. 46.** A presentación de candidaturas farase na sede oficial da F.G.D.I. mediante escrito dirixido á Xunta Electoral, nun prazo de tres días hábiles.

- Art. 47.** Rematado o prazo, a Xunta Electoral exporá a listaxe provisional de candidatos, garantindo o acceso á mesma a tódolos/as membros da Asemblea Xeral, podendo presentarse impugnacións no prazo de dous días hábiles, que deberán ser resoltas pola propia Xunta Electoral nos prazos fixados de antemán.  
A Xunta Electoral publicará as listas definitivas no seguinte día hábil á resolución de impugnacións.

- Art. 48.** No día e hora fixados na convocatoria correspondente, constituirase a Asemblea Xeral en primeira convocatoria ou segunda convocatoria tendo como únicos puntos da orde do día a elección a Presidente e a membros da Comisión delegada. O Presidente da federación será elixido mediante sufraxio libre, directo, igual e secreto polos membros da asemblea xeral presentes no momento da elección.

Na votación á elección de presidente non se admitirá o voto por correo nin a delegación de voto. A representación das entidades deportivas realizarase conforme o establecido no artigo 15 do presente regulamento, non admitíndose que unha persoa ostente a representación de mais dun club.





XUNTA  
DE GALICIA



DEPORTE  
GALEGO

Comezada a sesión e constituída a mesa electoral, o presidente presentará os candidatos, iniciando, de seguido, o procedo de votación, que será secreto.

A Xunta Lectoral determinará o modelo de papeleta. Cada membro da Asemblea só poderá votar a un candidato.

O proceso de votación está formado por un máximo de tres votacións:

- a. Na primeira votación son elixibles todos os candidatos da listaxe definitiva. Aqueles que obteñan un mínimo do 10% dos votos dos membros presentes, pasarán á seguinte votación. No suposto en que ningún candidato acade o 10% dos votos, pasarán á seguinte votación aqueles dous candidatos que contén cun maior numero de votos. De acadarse por algún candidato a maioría absoluta dos votos, nesa primeira votación, será proclamado Presidente.
- b. Na segunda votación soamente serán elixibles aqueles que, como xa está exposto e coas excepcións contempladas, obtiveran alomenos o 10% dos votos dos membros presentes. Será elixido presidente o candidato que nesta fase obteña a maioría de votos.
- c. No caso de que na votación anterior ningún candidato obteña a maioría absoluta, procederase a una nova votación entre os dous máis votados, no prazo de medía hora dende a anterior votación, resultando elixido o que obteña maioría de votos.


Terminada cada unha das votacións realizadas, a mesa electoral procederá á contaxe de votos e levantará a oportuna acta.


No caso de existir soamente dous candidatos, resultará elixido o que obteña a maioría simple dos votos. No caso de empate resultará elixido aquel que resulta elixido por sorteo entre os dous candidatos.

No caso de que se presentase un só candidato, non se efectuará votación.

Se non se presentase ningunha candidatura ou non fose válida ningunha das presentadas, a comisión xestora administrará a Federación e convocará e realizará novas eleccións a presidente no prazo máximo de 3 meses.

Unha vez rematada a elección do presidente, a xunta electoral remitirá a acta dos resultados electorais á Secretaría Xeral para o Deporte nun prazo máximo de dez días.





Tamén se enviará á Secretaría Xeral para o Deporte copia da acta de entrega da documentación relativa á federación por parte da comisión xestora ó novo presidente.

O novo presidente designará ós demais órganos e comités dacordo cós estatutos da Federación, debendo comunicarlle a súa composición á Secretaría Xeral para o Deporte no prazo máximo de dez días hábiles dende o seu nomeamento.

**Art. 49.** A persoa que resulte elidida como Presidente/a. Non poderá desempeñar ningunha outra actividade directiva ou de representación dentro da propia estrutura federativa e non se poderá simultanear a presidencia dun club deportivo coa presidencia da federación na que se integre dito club.

**Art.50.** Elección da Comisión Delegada:

- a) Será elidida pola Asemblea Xeral mediante sufraxio libre, igual, directo e secreto. O seu mandato coincidirá có da Asemblea Xeral. Será presidida polo/a Presidente/a da F.G.D.I. como membro nato dela.
- b) Estará formada por un mínimo de 5 membros, na mesma proporción que na Asemblea Xeral e nela estarán representados tódolos estamentos.


**CAPITULO 13. Calendario Electoral.**

**Art. 51.** Calendario Electoral, que será orientativo e terá en conta ó confeccionarse os fins de semana e festivos, será o que segue:

**CALENDARIO ELECTORAL F.G.D.I. 2014**

	DATAS (prazos máx)	VOTO POR CORREO
Asemblea Extraordinaria. Aprobación Regulamento e elección da Xunta Xestora e da Xunta Electoral	1-sep	
Presentación regulamento electoral	03-sep	
Aprobación regulamento electoral ou devolución para modificación Á SXD aproba DEF	10 hábiles estimo 1 hábil	15-sep 15-sep
Comunicación da convocatoria a entidades deportivas e SXD	5 hábiles	16-sep
Convocatoria eleccións	22-sep	
Publicación regulamento electoral	22-sep	
Publicación Calendario electoral	22-sep	
Publicación Censo PROV	22-sep	

inicio prazo petición do exercicio do voto por correo





XUNTA  
DE GALICIA



Constitución Xunta Electoral		22-sep	
Constitución Comisión Xestora		22-sep	
Fin prazo reclamacións ó Censo (20:00 horas)	10 hábiles	3-out	
Fin prazo resolucións reclamacións censo provisional	5 hábiles	9-out	
Publicación Censo DEF		9-out	
<b>Inicio prazo presentación candidatos á Asemblea</b>	<b>3 hábiles</b>	<b>10-out</b>	
		11-out	<b>fin prazo petición do exercicio do voto por correo</b>
Fin prazo presentación candidatos á Asemblea		13-out	
Proclamación PROV de candidatos á Asemblea (20:00 horas)		13-out	
inicio prazo reclamación		14-out	
fin prazo reclamación	2 hábiles	15-out	
Fin prazo resolución das reclamacións	2 hábiles	17-out	
<b>Proclamación DEF de candidatos á Asemblea</b>		<b>17-out</b>	
		20-out	<b>fin prazo remitir papeis voto por correo</b>
		23-out	<b>fin prazo depositar votos en correos</b>
Constitución Mesa Electoral	sen prazo	30-out	
<b>Votación a membros da Asemblea</b>		<b>30-out</b>	
Proclamación PROV de resultados a membros da Asemblea		30-out	
inicio prazo reclamación		31-out	
fin prazo reclamación	estimo 2 háb.	3-nov	
Fin prazo resolución das reclamacións	estimo 2 háb.	5-nov	
<b>Proclam DEF de resultados a membros da Asemblea</b>		<b>5-nov</b>	
<b>Inicio Presentación de candidatos a Presidente</b>		<b>5-nov</b>	
Fin Presentación de candidatos a Presidente	estimo 2 háb.	7-nov	
Proclamación PROV de candidatos a Presidente		7-nov	
inicio prazo reclamación		8-nov	
fin prazo reclamación	estimo 2 háb.	10-nov	
Fin prazo resolución das reclamacións	estimo 1 háb.	12-nov	
Proclamación DEF de candidatos a Presidente		13-nov	
Constitución Asemblea Extraordinaria		20-nov	
<b>Asemblea Extraordinaria. Votación a Presidente</b>		<b>20-nov</b>	
Proclamación PROV de Presidente		20-nov	
inicio prazo reclamación		21-nov	
fin prazo reclamación	estimo 2 háb.	22-nov	
Fin prazo resolución das reclamacións	estimo 2 háb.	25-nov	
<b>Proclamación DEF de Presidente</b>		<b>25-nov</b>	

## Disposición Final

En todo o non previsto neste regulamento, aplicaránse as disposicións da Lei do Deporte e demais disposicións concordantes, así como a Orde do 8 de setembro de 2010 pola que se establecen os criterios para a elaboración dos regulamentos e a realización dos procesos electorais nas federacións deportivas galegas.

**FEDERACIÓN GALEGA DE DEPORTES DE INVIERNO**  
Noriega Varela 12, baixo / 32004 OURENSE  
Tel: 988228591 / Móvil: 667328028  
[www.fgdi.es](http://www.fgdi.es) / [secretaria@fgdi.es](mailto:secretaria@fgdi.es)







XUNTA  
DE GALICIA



DEPORTE  
GALEGO

## CADRO I

### COMPOSICION DA ASEMBLEA XERAL DA F.G.D.I.



Representantes de Entidades deportivas.....	6 Representantes
Representantes de Deportistas.....	3 Representantes
Representantes de Adestradores/Técnicos.....	1 Representante
Representante de Xuíces, Árbitros.....	1 Representante

## CADRO II

### MESA ELECTORAL

OURENSE

Federación Galega de Deportes de Inverno  
Noriega Varela 12, baixo  
32003 OURENSE  
Tlf.: 988228591  
[secretaria@fgdi.es](mailto:secretaria@fgdi.es)



**FEDERACIÓN GALEGA DE DEPORTES DE INVIERNO**  
Noriega Varela 12, baixo / 32004 OURENSE  
Tel: 988228591 / Móvil: 667328028  
[www.fgdi.es](http://www.fgdi.es) / [secretaria@fgdi.es](mailto:secretaria@fgdi.es)



XUNTA  
DE GALICIA



DEPORTE  
GALEGO

ANEXO I. MODELOS DE SOBRES E PAPELETAS

**ELECCIÓN FEDERACION GALEGA**  
**DEPORTES DE INVERNO**

PAPELETA DE VOTACIÓN


**ESTAMENTO DE DEPORTISTAS**

O Votante deberá **MARCAR** ós Candidatos que desexe votar, ata un máximo de 3 Deportistas da seguinte lista:

**ELECCIÓN A PRESIDENTE, ASEMBLEA XERAL E COMISIÓN  
DELEGADA DA F.G.D.I.**



**FEDERACIÓN GALEGA DE DEPORTES DE INVERNO**  
Noriega Varela 12, baixo / 32004 OURENSE  
Tel: 988228591 / Móvil: 667328028  
[www.fgdi.es](http://www.fgdi.es) / [secretaria@fgdi.es](mailto:secretaria@fgdi.es)



XUNTA  
DE GALICIA



DEPORTE  
GALEGO


## ELECCIÓN S FEDERACION GALEGA DEPORTES DE INVERNO

PAPELETA DE VOTACIÓN


### ESTAMENTO DE TÉCNICOS

O Votante deberá **MARCAR** ós Candidatos que desexe votar, ata un máximo de 1 Técnico da seguinte lista:

ELECCIÓN S A PRESIDENTE, ASEMBLEA XERAL E COMISIÓN  
DELEGADA DA F.G.D.I.



FEDERACIÓN GALEGA DE DEPORTES DE INVERNO  
Noriega Varela 12, baixo / 32004 OURENSE  
Tel: 988228591 / Móvil: 667328028  
[www.fgdi.es](http://www.fgdi.es) / [secretaria@fgdi.es](mailto:secretaria@fgdi.es)



XUNTA  
DE GALICIA



DEPORTE  
GALEGO

## ELECCIÓN S FEDERACION GALEGA DEPORTES DE INVERNO

PAPELETA DE VOTACIÓN

### ESTAMENTO DE XUÍCES

O Votante deberá **MARCAR** ós Candidatos que desexe votar, ata un máximo de 1 Xuíz da seguinte lista:

**ELECCIÓN S A PRESIDENTE, ASEMBLEA XERAL E COMISIÓN  
DELEGADA DA F.G.D.I.**



**FEDERACIÓN GALEGA DE DEPORTES DE INVERNO**  
Noriega Varela 12, baixo / 32004 OURENSE  
Tel: 988228591 / Móvil: 667328028  
[www.fgdi.es](http://www.fgdi.es) / [secretaria@fgdi.es](mailto:secretaria@fgdi.es)